## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*EXTRACTO da Resolución do 22 de maio de 2020, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para promover o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma galega das persoas galegas retornadas e dos seus descendentes, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento PR937A).*

BDNS (Identif.): 507589.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

As persoas que, residindo fóra de España, se establezan na Comunidade Autónoma galega:

1. As persoas galegas e nacidas en Galicia.

2. Os cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal e os descendentes por consanguinidade das persoas galegas e nacidas en Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases que regularán o procedemento de concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para promover o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma galega das persoas galegas retornadas e dos seus descendentes que se establezan como persoas traballadoras autónomas ou por conta propia, ou como socias traballadoras de sociedades mercantís, de sociedades laborais ou cooperativas de traballo asociado.

CVE-DOG: h8t3u4k5-ksu4-grr5-paz1-6bys4gngnsk3

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 108 | Xoves, 4 de xuño de 2020 | Páx. 22311

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 22 de maio de 2020, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para promover o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma galega das persoas galegas retornadas e dos seus descendentes, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento PR937A).

Cuarto. *Importe*

Para a concesión destas subvencións destinarase un crédito total de 400.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.470.0.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 30 de setembro de 2020.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2020

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

CVE-DOG: h8t3u4k5-ksu4-grr5-paz1-6bys4gngnsk3